

Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO ANO 2022

ANUNCIO

Por resolución da Alcaldía do 12.12.2022 aprobáronse a convocatoria e as bases específicas para o ano 2022 das axudas reguladas pola Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro (BOP núm. 155, do 12.08.2005).

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS ANO 2022

O Concello de Rodeiro aproba as bases específicas reguladoras de concesión de axudas e subvencións destinadas a promover e fomentar actividades deportivas, segundo os principios de obxectividade, concorrencia, publicidade e transparencia.

1.- Obxecto:

O Concello de Rodeiro concederá axudas económicas pola promoción, difusión e realización de actividades deportivas durante o ano 2022, que se financiarán con cargo a partida orzamentaria 340/480, co límite de 18.000,00 €. Entenderase como actividade deportiva as realizadas ou promovidas por agrupacións, asociacións ou clubs de carácter deportivo, legalmente constituídos.

2.- Beneficiarios:

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas ou xurídicas sen ánimo de lucro que desenvolveran as actividades obxecto da subvención no Concello de Rodeiro entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2022.

3.- Solicitude e documentación:

O prazo de solicitude será de corenta días naturais contados dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). As solicitudes presentaranse obrigatoriamente de xeito electrónico a través da sede electrónica do Concello (<https://rodeiro.sedelectronica.gal>) utilizando o trámite "instancia xeral", á que achegarán os formularios oficiais que figuran na web municipal e toda a documentación que esixe a ordenanza xeral de subvencións do Concello. Se algunha asociación presenta a solicitude presencialmente, o Concello requirirá que sexa emendada a través da súa presentación electrónica e, nese suposto, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a emenda.



Venres, 16 de decembro de 2022

Núm. 239

4.- Valoración das solicitudes:

Para a adxudicación das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Categoría da asociación ou club.
- Número de licenzas federativas.
- Número de equipos en categorías.
- Orzamento anual do club.
- Disposición de adestrador federado.
- Orzamento total das actividades.

Transcorridos tres meses dende o remate do prazo de presentación de solicitudes sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

5.- Disposición adicional:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades se ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Rodeiro, publicada no BOP núm. 155, correspondente ao día 12 de agosto de 2005 e, de xeito supletorio, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, na data da sinatura electrónica.

O alcalde — Rubén Perfecto Quintá Quintá.

